



Expte. 3072/2025

Asunto: convocatoria de subvencións para actividades de fomento da práctica do deporte no municipio (2025), aprobada mediante resolución de data 9-10-25

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA DE FOMENTO DA PRÁCTICA DO DEPORTE NO MUNICIPIO (2025)

1. OBXECTO

O Concello de Nigrán realiza a convocatoria de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades deportivos que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán durante o ano 2025.

2. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

A presente convocatoria rexeráse polas bases xerais reguladoras da concesión de subvencións, incluídas como Anexo II das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2025 (BOP núm. 82 do 2/05/2025), polas bases específicas, incluídas como Anexo V do mesmo orzamento xeral, ambos os dous documentos cuxo texto íntegro está publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://nigran.sedelectronica.org> apartado "Portal de transparencia", subapartado "4. Axudas e subvencións", "2025"), ademais de polo previsto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

3. BENEFICIARIOS

3.1. Poderán solicitar as subvencións reguladas nos apdos. 4.1, 4.2 e 4.3 das bases as asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro que, cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

3.2. Poderán solicitar as subvencións reguladas no apdo. 4.4. das bases as persoas deportistas que practiquen modalidades deportivas individuais, por dúos ou tríos, que estean empadroados no Concello de Nigrán dentro do prazo de presentación das solicitudes e, como mínimo, desde o día 1 de xaneiro do ano previo ao da convocatoria.

Ademais do anterior, os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Deberán estar federados nalgunha das federacións deportivas galegas ou españolas durante a anualidade á que se refira a solicitude de subvención.
- Dentro da anualidade á que se refira a solicitude de subvención, deberán ter participado como mínimo en tres probas ou campionatos de carácter oficial, dos cales un deles ten que ser o campionato de España, de Europa ou do mundo propio da modalidade deportiva de que se trate.

4. FINANCIAMENTO

A contía máxima da convocatoria ascende a 32.000 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 341.48000 do Orzamento Xeral para 2025 .

5. CONTÍA DAS AXUDAS





A presente convocatoria refírese ás catro modalidades previstas na base 4ª das bases específicas: fomento do deporte (apdo. 4.1), realización de actividades ou proxectos deportivos (apdo. 4.2), participación en competicións de nivel supraprovincial (apdo. 4.3) e apoio a deportistas individuais (apdo. 4.4).

O importe total destinado a esta convocatoria ascende a 32.000 euros, que se distribuirán inicialmente entre as modalidades do seguinte xeito:

- Modalidade 1 (fomento do deporte): 10.000 €
- Modalidade 2 (actividades ou proxectos deportivos): 12.000 €
- Modalidade 3 (participación en competicións de nivel supraprovincial): 5.000 €
- Modalidade 4 (apoyo a deportistas individuais): 5.000 €

As subvencións concederanse de acordo cos criterios establecidos nos apartados correspondentes das bases específicas. Establécese un límite máximo por modalidade, conforme á distribución anterior.

Non se establece un límite por beneficiaria na modalidade 1. Esta modalidade poderá ver incrementado o seu orzamento inicial cos fondos que puidesen quedar sen repartir nas modalidades 2, 3 ou 4, respectando sempre o límite global de 32.000 €.

Nas modalidades 2, 3 e 4, establécense os seguintes límites máximos por beneficiaria:

- Modalidade 2: 2.000 €
- Modalidade 3: 1.000 €
- Modalidade 4: 600 €

En cada unha destas modalidades, a adxudicación realizarase outorgando o importe máximo á entidade con maior puntuación e distribuindo o resto do crédito de maneira proporcional ás puntuacións das demais entidades, ata esgotar o orzamento da modalidade ou os límites individuais establecidos.

No caso de que, tras aplicar estes criterios, quede crédito sobranse nas modalidades 2, 3 ou 4, o importe non adxudicado poderá reincorporarse á modalidade 1 (fomento do deporte), que poderá superar o seu límite inicial de 10.000 €, manténdose sempre o tope total de 32.000 € para a convocatoria.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Poderán presentarse solicitudes de axudas durante o prazo de quince días hábiles contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitudes presentaranse empregando o trámite electrónico "Solicitud de Subvención para actividades de fomento da práctica do deporte (2025)", dispoñible na sede electrónica do Concello de Nigrán (nigran.sedelectronica.gal).

7. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Praza da Constitución, s/n CP 36350

Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931



Unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto de subvención, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a documentación xustificativa relacionada na base 10ª das bases específicas.

*O último día para presentar esta documentación será o **15 de decembro** da anualidade á que se refire a convocatoria.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

